**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

# ARRANCA A CAMPAÑA DE VACINACIÓN PARA PERSOAL DOS CENTROS SANITARIOS NA ÁREA DE SANTIAGO E BARBANZA

- **A campaña para os usuarios comezará o vindeiro martes 13 de outubro e prolongarase durante 12 semanas**
- **O SERGAS marca como obxectivo que se vacinen máis do 75% dos traballadores da sanidade pública galega**
- **O puntos de vacinación serán os 76 centros de saúde, todos os hospitais da área e as residencias sociosanitarias**

**Santiago, 5 de outubro de 2020.-** Preto dos 7.000 traballadores dos centros de saúde e hospitais da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza están chamados a vacinarse fronte a gripe dende hoxe. A partir do vindeiro martes 13 de outubro poderán facelo os usuarios da área compostelá. Os puntos de vacinaciòn serán os 76 centros de saúde, todos os hospitais da área e as residencias sociosanitarias.

Este ano adquire maior importancia vacinarse fronte a gripe debido ao contexto da pandemia pola covid, xa que debemos evitar a dobre infección.

O obxectivo xeral da campaña é diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas do padecemento da gripe, minimizando o efecto na saúde mediante a súa prevención.

Con respecto aos obxectivos específicos, preténdese unha cobertura do 75% na poboación de 65 ou máis anos e nos traballadores sanitarios.

A área sanitaria chama a vacinar a preto de 140.000 cidadáns de 60 ou máis anos que ten na súa área, amais doutros pacientes de risco doutras franxas de idade.

## Poboación diana

A poboación diana da campaña á que se lle oferta gratuitamente a vacina son as persoas de 60 ou máis anos, especialmente os de 65 ou máis anos ou as que convivan en institucións pechadas (residencias de persoas maiores e outros centros de atención e crónicos).

Tamén son poboación diana da campaña as persoas de menos de 60 anos que teñen un risco de complicacións derivadas da gripe, presentado esta campaña como novidade as mulleres durante o puerperio (ata 6 meses tras o parto), sempre que non se vacinaran no embarazo.

Gabinete de Comunicación e Imaxe da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago
Travesía da Choupana s/n - 15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 981950023 / 981 950967

Correo-e: prensa.santiago@sergas.es
Web: xxisantiago.sergas.es

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Son igualmente poboación diana as persoas que lles poden transmitir a gripe a outras con alto risco de complicacións. Trátase de persoal de centros sanitarios de primaria e hospitalaria, públicos e privados, de oficinas de farmacia, de institucións xeriátricas e de atención a enfermos crónicos, estudantes en prácticas en centros sanitarios, asistentes domiciliarios de pacientes de alto risco ou persoas maiores, así como convivintes de persoas de grupos de risco.

Outras persoas nas que se recomenda a vacinación son as que desenvolven traballos esenciais para a comunidade e os traballadores expostos directamente a animais nas granxas ou explotacións avícolas ou porcinas e tamén ás aves silvestres.

Remarcar que, por primeira vez, Galicia empregará nesta campaña unha vacina tetravalente de alta carga para as persoas máis vulnerables, aquelas de 65 ou máis anos ingresadas en residencias.

Sinalar, así mesmo, que entre a loxística da campaña está o feito de que a partir da terceira semana da campaña realizarase unha chamada por parte dos profesionais de enfermería de atención primaria á poboación de 65 a 74 anos. Ademais, enviaranse SMS masivos de recordo de vacinación á poboación entre 65 e 74 anos, estableceranse axendas de citación especial para vacinación e vacinaranse aos enfermos crónicos nas visitas a domicilio.

Por último, o Sergas lembra a importancia, este ano máis que nunca, de concertar cita para a vacinación nos centros de saúde e non acudir directamente sen ser citado.

**Saúdos**

Gabinete de Comunicación e Imaxe da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago
Travesía da Choupana s/n - 15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 981950023 / 981 950967

Correo-e: prensa.santiago@sergas.es
Web: xxisantiago.sergas.es